



## CIRCULAR INFORMATIVA 2/2024

### 1. TALLER PRÁCTICO SOBRE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela organiza o “Taller práctico sobre intelixencia artificial na xestión dos despachos” que ten como obxectivo explorar dunha maneira práctica as distintas opcións que ofrecen as ferramentas de intelixencia artificial para axudarnos na xestión directa dos despachos.

O taller será impartido por **José Manuel Sendín Rodríguez**, avogado do despacho Sistemius, colexiado no ICA Santiago, compliance officer, delegado de protección de datos e relator habitual en xornadas e formacións sobre dereito das novas tecnoloxías.

**Día:** xoves, 22 de febreiro

**Hora:** 19.30 h

**Lugar:** salón de actos do ICA Santiago

**Inscrición:** gratuíta, a través do seguinte formulario web

<https://forms.office.com/e/8W6VS4qzjM>

**Prazo de inscrición:** ata o 20 de febreiro ás 14 h

**Prazas:** 90 (por orde de inscrición, só para colexiados/as do ICA Santiago)

### 2. XORNADAS SOBRE APLICACIÓN PRÁCTICA DAS REFORMAS INTRODUCIDAS POLO RDL 6/2023 DO 19 DE DECEMBRO

Adiantámosvos que o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela está a organizar unhas xornadas sobre a aplicación práctica das reformas introducidas polo Real decreto lei 6/2023 e que entrarán en vigor a finais do mes de marzo.

Estas xornadas realizaranse durante o vindeiro mes de marzo e proximamente anunciaremos por circular o seu programa (días, horarios, relatorios etc.).

### 3. RECORDATORIO: ACTUALIZACIÓN DE DATOS GUÍA COLEXIAL 2024

Lembrámosvos que segue aberto o prazo **ata o vindeiro 21 de febreiro**, ás 14 h, para que comuniquedes na conta de correo [icajuzgado@icasantiago.org](mailto:icajuzgado@icasantiago.org) calquera modificación que desexedes aplicar nos vosos datos profesionais.

Así mesmo, se desexades incluír unha fotografía, deberedes remitirnos unha en tamaño carné xunto cunha autorización para publicala.

Unha vez aplicados todos os cambios, o borrador da guía quedará exposto na páxina web durante 5 días para que poida ser revisado e corrixir posibles erros.

De acordo co establecido no artigo 37.c) do Estatuto colexial, é un deber do colexiado/a “comunicar o seu domicilio ou os eventuais cambios...”.